CORCUBIÓN CONCILIA 2026: ACTIVIDADES DE TEMPO DE LECER e FACÉMONOS MAIORES

BASES ESPECÍFICAS DA CONVOCATORIA

DECRETO 469/2026 do 13/05

1º) O Concello ten previsto levar a cabo as actividades de conciliación do Programa Corcubión Concilia: Tempo de Lecer e Facémonos Maiores para o período no lectivo de verán como se indica de seguido:

- **A actividade Tempo de Lecer** levarase a cabo dende o 1 de xullo ao 31 de agosto de 2026, de luns a venres de 9:30 a 13:30, agás o festivo do 16 de xullo. Poderán solicitar praza as familias das/os menores escolarizados entre o 2º Ciclo de Educación Infantil e 4º de Educación Primaria, (ámbolos dous incluídos).

- **A actividade Facémonos Maiores** levarase a cabo dende o 1 ata o 31 de xullo, de luns a venres de 9:30 a 13:30, agás o festivo do 16 de xullo. Poderán solicitar praza as familias das/os menores escolarizados en 5º e 6º de Primaria, así como os e as menores escolarizados na ESO. Excepcionalmente poderase habilitar algunha praza no mes de agosto, para as familias que xustificadamente necesitaran deste servizo de conciliación, unha vez que polo Concello se estime a necesidade da dita concesión. Solicitarase de ser o caso e segundo a circunstancia, a documentación acreditativa da dita necesidade.

2ª) Ábrese un período de **preinscrición** de solicitude de praza, dende o 25 de maio ao 15 de xuño, ámbolos dous inclusive para o que se deberá empregar a instancia tipificada e presentala no Rexistro Xeral de Entrada, xunto coa documentación que nela se indica, co fin de organizar as ditas actividades atendendo á demanda e a dispoñibilidade orzamentaria.

3º) Poderán presentar solicitude de praza as familias das/os menores que se atopen no ámbito de aplicación establecido no Artigo 2 do Regulamento do Programa Corcubión Concilia.

4º) A organización das actividades será a seguinte:

- O servizo para a actividade Tempo de Lecer organizarase nas 4 quendas seguintes:

  1ª Quenda: do 1 ao 15 de xullo.

  2ª Quenda: do 17 ao 31 de xullo

  3º Quenda: do 3 ao 14 de agosto

  4ª Quenda: do 17 ao 31 de agosto

- O servizo para a actividade Facémonos Maiores, organizarase nas 2 quendas seguintes:

  1º Quenda: do 1 ao 15 de xullo.

  2º Quenda: do 17 ao 31 de xullo.

5º) Adxudicarase a cada familia ata un máximo de 2 quendas ou 1 mes por cada menor, salvo para as situacións familiares de imprescindible conciliación, debidamente acreditadas, ás que se lle poderán conceder ata 4 quendas. As familias deberán indicar na instancia tipificada, as quendas solicitadas por orde de preferencia.

6º) A concesión de prazas queda condicionada á organización da Actividade para o que se terá en conta o número de prazas ofertadas, a aplicación do Regulamento e de ser o caso por darse máis solicitudes que prazas, a aplicación das bases específicas obxecto deste Decreto.

7º): Reservarase un mínimo de 2 prazas por quenda para menores con necesidades especiais e específicas que se adxudicarán en función das circunstancias familiares e individuais das/os menores.

8º) Na adxudicación de prazas, unha vez aplicado o establecido no punto SEXTO desta Resolución e só no caso de seguir dándose a situación de haber máis solicitudes que prazas, adxudicaranse as mesmas segundo o establecido no Artigo 7 da Orde do 22/01/2026 da Consellería de Política Social pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións do Plan Corresponsables en Galicia dirixido a entidades locais que é o seguinte: por orden crecente de renda per cápita das unidades familiares. De ser necesario por continuar a situación anterior, terán preferencia no acceso os seguintes colectivos: – Familias monomarentais/monoparentais. – Mulleres vítimas de violencia de xénero e doutras formas de violencia contra as mulleres. – Persoas con discapacidade. – Persoas en risco de exclusión social. – Persoas solicitantes de asilo internacional ou con estatuto de refuxiado/a. – Unidades familiares nas que existan outras responsabilidades relacionadas cos cuidados de familiares ou persoas dependentes ao seu cargo. Tal circunstancia se acreditará documentalmente co informe dos SSCM.

9º) De persistires o empate adxudicaráselle prioritariamente praza ás unidades familiares nas que as e os proxenitoras/es, titoras/res; acolledoras/es, traballen cando o horario laboral sexa coincidente e sen vacacións co período solicitado.

10º) As Normas de Funcionamento e Organización será as recollidas no Regulamento e nas presentes bases.